

## IX PREMIO DE NOVOS INTÉRPRETES “CONCELLO DE ORTIGUEIRA”

### BASES:

#### Obxecto

A Escola de Música “Concello de Ortigueira” (EMCO) da Concellería de Cultura, Turismo e Comunicación Social convoca o IX Premio de Novos Intérpretes para prestar o seu apoio aos xoves concertistas no comezo da súa carreira profesional. Pretendemos deste xeito potenciar a realización de concertos para a promoción dos novos grupos e solistas, ademais de realizar cursos e encontros destinados á formación e intercambio de coñecementos dos mesmos.

#### 1. Participantes.

1. Poderán presentarse neste concurso tódolos xoves con residencia legal en España.

Os participantes non poderán ter á finalización do concurso, máis anos da idade máxima da modalidade na que concursen podendo optar a unha superior e unicamente participando nunha modalidade.

Os gañadores das anteriores edicións poderán participar pero nunha categoría superior da equivalente a súa idade.

Os familiares en primeiro grao dos compoñentes do Tribunal non poderán participar no concurso.

#### 2. Modalidades

MODALIDADE A: xoves de 18 a 25 anos de idade.

MODALIDADE B: xoves de 15 a 17 anos de idade.

MODALIDADE C: xoves ata os 14 anos de idade.

#### 3. Especialidades

As especialidades que poden concursar son as seguintes:

**Vento- Madeira:** frauta, óboe, fagot, clarinete e saxofón.

**Vento- Metal:** trompa, trompeta, trombón, bombardino e tuba.

**Corda Fretada:** Violín, Violoncello, Viola e Contrabaixo.


Piano

Guitarra

#### 3. PREMIOS

Modalidade A: 700 € , diploma e concerto.

Modalidade B: 400€, diploma e concerto.



Modalidade C: 200€, diploma e concerto.

Este concurso comprende un primeiro premio por modalidade competindo distintas especialidades na mesma modalidade determinada pola idade do participante.

O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios no caso de considerar que os intérpretes non reúnen o nivel adecuado.

O fallo do xurado será inapelable.

**PREMIO ESPECIAL:** "Enrique García Rey", para os músicos participantes do Concello de Ortigueira.

A organización, outorgará un único premio ó mellor participante finalista na Categoría A non premiado nesta nin en anteriores edicións e que resida no Concello de Ortigueira.

GAÑADOR PREMIO ESPECIAL: diploma e 200€

#### **CONCERTOS:**

Tódolos participantes premiados deberán realizar un Concerto Público. Na Modalidade C, o programa será de 20-30 m. e na B e A dunha hora de duración con descanso entre partes.

1. Os participantes premiados correrán cos gastos de desprazamento e instrumental, agás o piano.
2. O Departamento de Cultura comprométese a facilitar a infraestrutura e realizar a publicidade dos concertos.
3. Os concertos terán lugar no "Teatro de Beneficencia" de Ortigueira durante a tempada 2009/10, nas datas que fixe a Concellería de Cultura segundo as actividades programadas no Teatro.


#### **4. INSCRICIÓNS E TAXAS.**

**TAXA.** Ingreso na Conta bancaria de Asociación Promotora da escola de Música Concello de Ortigueira, **Nº CTA. 0046 0296 80 0000010319** (Banco Galego), en concepto de participación no IX Premio de Novos Intérpretes "Concello de Ortigueira" a seguinte cantidade correspondente á modalidade a participar:

Modalidade A: 30€

Modalidade B: 20€

Modalidade C: 10€



**Documentación a enviar:** Boletín de inscrición, resgardo de ingreso da TAXA, copia da matricula ou certificación académica se están cursando estudos, no caso de rematados copia do título. Un breve currículo, Copia D.N.I., NIE ou pasaporte e 2 fotografías carné recentes e no que o seu reverso escribírase o nome do interesado. Así mesmo debe de enviar 3 copias da obra libre a interpretar.

**INSCRICIÓN:** Á recepción do boletín, documentación e resgardo do ingreso da taxa de inscrición, a organización inscribirá ó concursante e comunicarlle a su admisión.

Remitirase por correo certificado a:

**Concellería de Cultura, "IX Concurso de Xoves Interpretes"**, Praza Isabel II, s/nº. 15330- Ortigueira ou presentarse directamente na Secretaría da Escola de Música, no enderezo Rúa Márquez Cortiñas s/n, Ortigueira. Tfno.: 981.402432

#### **Información:**

O prazo de inscrición permanecerá aberto do 27 de Xaneiro ata o 8 de Marzo do 2009. As solicitudes recibidas fora de prazo non serán admitidas nin devoltas. No cao de que a organización observase a falta dalgún requisito comunicaráselle o interesado para que o complete nun prazo de 10 días, quedando excluído en caso de incumprimento.

### **5. DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO.**

#### 5.1 PRIMEIRA FASE. Eliminatoria

Tódolos participantes concorrerán cunha OBRA OBRIGADA correspondente á modalidade á que se presenta, proposta polo gabinete técnico do concurso.


**A organización facilitará gratuitamente un pianista acompañante de requirilo.**

A organización daralle ós candidatos que precisen acompañante uns horarios de ensaio co mesmo e que se irán cubrindo segundo a orde de inscrición ou petición. Os ensaios co pianista acompañante serán en Ortigueira correndo os participantes cos gastos ocasionados.

Non se permitirá actuar ó concursante, se non leva pianista acompañante.

O tribunal poderá deter en calquera momento a interpretación musical, sempre que o estime oportuno.

O tribunal seleccionará ós candidatos para a 2ª fase. O chamamento para actuar será único e os participantes non presentados á 1ª proba quedarán directamente eliminados do concurso.





## 5.2. SEGUNDA FASE. Final

Os participantes que fosen seleccionados na primeira fase concorrerán a esta con una OBRA LIBRE que non excederá de quince minutos de duración.

Se a obra libre leva acompañamento de piano non se permitirá actuar ó participante sen pianista.

O participante deberá de enviar xunto coa inscrición tres copias da partitura xeral ( piano) para os membros do tribunal.

Non se permitirá actuar ó concursante, se non leva pianista acompañante.

O tribunal poderá deter en calquera momento a interpretación musical, sempre que o estime oportuno.

O chamamento a actuar será único e os participantes non presentados á 2ª proba quedarán directamente eliminados do concurso.

Despois de concluír a probas o tribunal dará o seu veredicto, podendo declarar desertos os premios que considere oportunos. Ambas fases desenvolveranse con entrada libre ata completar aforo.

## 6. DATAS

O concurso realizarase no Teatro da Beneficencia de Ortigueira comezando pola modalidade C, B e A respectivamente.

O orde de actuación será alfabética en cada modalidade.

**A data de participación no concurso será o sábado 30 de Maio do 2009**, comunicándose os participantes se houberse un cambio na mesmo ou ampliación a o 31 de Maio se o número de participantes así o requirise.


## 7. TRIBUNAL

O Tribunal estará formado por especialistas de diferentes especialidades e presidido pola Concelleira de Cultura do Concello de Ortigueira. A súa constitución farase pública unha semana antes do inicio do Concurso.

A decisión do tribunal en ambas fases será inapelable.

## 8. ACEPTACIÓN DAS BASES

A inscrición no Concurso supón a aceptación destas bases. Calquera cuestión non prevista será resolta pola organización.





En Ortigueira, a 20 de Xaneiro do 2009  
Dña. M<sup>o</sup> Cruz Sabio Teijeiro  
Concellería de Cultura e Comunicación Social

## **ANEXO I. LISTADO DE OBRAS OBRIGADAS POR ESPECIALIDADE E MODALIDADE**

### **- BOMBARDINO**

*Modalidade C*

Recitative, song & Chorus- H. Purcell

*Modalidade B*

Pantomime- P. Sparke

*Modalidade A*

Euphonium Concerto – V. Cosma (1<sup>o</sup> Movem.)

### **- CLARINETE**

*Modalidade C*

Fantasia –C. Nielsen

*Modalidade B*

Concerto op. 36 (1<sup>o</sup> movem.) - Kromer

*Modalidade A*

Première Rhapsodie para Clarinete e Piano –C. Debussy


### **- CONTRABAIXO**

*Modalidade C*

Canzona –J.Janitsch

*Modalidade B*

Sonata V en Mim. – A. Vivaldi





*Modalidade A*

Concertino en Sim – Bottesini

**- GUITARRA**

*Modalidade C*

Estudios Sinxelos (un estudio a elixir) – Leo Brower

*Modalidade B*

Doce Estudios (un estudio a elixir) – H. Villalobos

*Modalidade A*

Un Preludio ou Fuga para Laúd – J. S. Bach

**- FAGOT**

*Modalidade C*

Arioso e Humoresque- Weissemborn

*Modalidade B*

Concerto en Lam. (Nº7) – Vivaldi

*Modalidade A*

Concerto en FaM. (op. 75) – Weber

**- FRAUTA**

*Modalidade C*

Sonata en sim. – Bach Bwv 1030

*Modalidade B*

Sonata, op. 107 (1º movem.) – Cecile Chaminade

*Modalidade A*

Concerto en Sol M. (1º movem.) – W. A. Mozart

**- ÓBOE**

*Modalidade C*


Sonata en Do M. (1º e 2º movem.) – Besozzi

*Modalidade B*

Concerto en La m. (1º movem.) -A. Vivaldi

*Modalidade A*

Concerto en Do M. (1º movem.) – W.A. Mozart





**- PIANO**

*Modalidade C*

Unha Sonata de M. Clementi ou H. Haydn.

*Modalidade B*

Unha Suite Francesa ou Toccata -J. S. Bach

*Modalidade A*

Unha das seguintes Sonatas de L.v. Beethoven: (4,6,7,11,17,18,21,23,31,32) ou as 32 Variacións en Dom. de L.v. Beethoven.

**- SAXOFÓN (Mib – Sib)**

*Modalidade C*

Eb- Chanson de Printemps- Mendelssohn

Bb- Fan´Jazz - R. Bariller

*Modalidade B*

Eb- Fantaisie - J. Demersseman

Bb- Saxoveloce - P. Durand

*Modalidade A*

Eb- Divertimento - R. Boutry

Bb- Fantaisie - H. Villa-Lobos

**- TROMBÓN**

*Modalidade C*

Suite Nº 1 (1º e 2º Movem.) -J.E. Galliard

*Modalidade B*

Morceau Symphonique - Guilmant

*Modalidade A*

Concertino en MibM. Op. 4 (1º Movim.) – Ferdinand David


**- TROMPA**

*Modalidade C*

Romanza- C. Saint Saëns

*Modalidade B*

Villanelle- P. Dukas





*Modalidade A*

Concerto N° 4 –W.A. Mozart

**- TROMPETA**

*Modalidade C*

Intrada et Rigaudon – H. Purcell

*Modalidade B*

Concerto para trompeta e orquestra en MibM. (1º e 2º movem.) – J. Haydn

*Modalidade A*

Entrada- A. Honegger

**- TUBA**

*Modalidade C*

Bagatelles for Tuba (escoller 2) – G.Jacob

*Modalidade B*

Tuba Concerto (1º Movem.) –E.Gregson

*Modalidade A*

Three Miniatures- A. Plog

**- VIOLÍN**

*Modalidade C*

Pupil`s Concert – Seitz

*Modalidade B*

Pugnani (Preludio- Allegro) - Kreisler

*Modalidade A*

2 Movimentos dunha Partita de Bach

**-VIOLA**

*Modalidade C*

1 Sonata Barroca para Viola y Continuo

*Modalidade B*

Konzertstück- G. Enesco

*Modalidade A*





Sonata para viola y piano- R. Clarke

**-VIOLONCELLO**

Modalidade C

Cello Suite Nº 1 –J.S. Bach

Modalidade B

Cello Suite Nº 3 –J.S.Bach

Modalidade A


1º mov. Concierto en Re M -Haydn

**ANEXO II. BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN**

**Cumprimente o seguinte formulario para presentalo xunto cos seguintes documentos:**

Boletín de inscrición, resgardo de ingreso da TAXA, copia da matricula ou certificación académica se están cursando estudos, no caso de rematados copia do título. Un breve currículo, Copia D.N.I., NIE ou pasaporte e 2 fotografías carné recentes e no que o seu reverso escribírase o nome do interesado. Así mesmo debe de enviar 3 copias da obra libre a interpretar.

<b>IX PREMIO DE NOVOS INTÉRPRETES “CONCELLO DE ORTIGUEIRA” BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN</b>	
Apelidos e Nome:	
Tel. fixo e móbil:	Nº DNI, NIE,..:
Data de nacemento:	Idade:
@E-mail:	
Domicilio:	
Nº:   Piso:   Porta:   Localidade:	
Provincia:	C.P.:
Conservatorio, Escola de Música,... onde cursa estudos:	
Modalidade á que se presenta: <input type="checkbox"/> <b>A</b> ó <input type="checkbox"/> <b>B</b> ó <input type="checkbox"/> <b>C</b>	
<b>Solicita Pianista Acompañante:</b> <input type="checkbox"/> <b>SI</b> <input type="checkbox"/> <b>NON</b>	
Instrumento:	
Obra obrigada:	





Obra libre e duración:
Ingreso realizado no día: (Banco Galego-Nº CTA. 0046 0296 80 0000010319) A- 30€, B- 20€, C- 10€
<b>En</b> _____ , <b>de</b> _____ <b>do 20</b>
<b>Firma do concursante</b>

**Remítese** por correo certificado a:

**Concellería de Cultura, "IX Concurso de Xoves Interpretes"**, Praza Isabel II, s/nº C.P: 15330-Ortigueira ou presentarse directamente na Secretaría da Escola de Música, no enderezo Rúa Márquez Cortiñas s/n, Ortigueira. Tfno.: 981.402432

